


FALAMOS?

nº1

EXEMPLAR
GRATUITO



DETER O VIH É UNHA RESPONSABILIDADE DE TODOS

INFÓRMATE E COMPARTE O QUE SABES SOBRE O VIH



www.cruzroja.es
900 111 000

Coñece a súa historia neste cómic



www.mspsi.es



OLA,
CHÁMOME
DANIELA

O DÍA QUE DEIXEI
O MEU PAÍS ESTABA
MOI NERVIOSA

EN ESPAÑA ATOPEI AMIGOS DE AQUÍ COMO MIGUEL, E TAMBÉN DE
ALÓ, COMO LUIS ALBERTO. SON OS MEUS COMPAÑEIROS DE PISO



DANIELA, MIGUEL E EU IMOS AO
RESTAURANTE, QUE HOXE TEMOS
QUENDA DE TARDE

CANDO ACABE DE DAR
A CLASE DE ESPAÑOL
NA ONG CHÁMOVOS,
¿OK?

OK, CHAU



IRYNA!, HOXE FAS
UN ANO
CHOIANDO AQUÍ,
¿NON?

SI!, QUEN MO ÍA
DICIR CANDO
CHEGUEI DO MEU
PAÍS...

E QUE, ÍMOLO
CELEBRAR?

CLARO, MARÍA.
VÉMONOS NA ONG
DEPOIS DA CLASE
DE ESPAÑOL, QUE
HOXE HAI FESTA!



HOXE IMOS APRENDER MOITAS PALABRAS NOVAS PORQUE IMOS FALAR SOBRE O VIH. POR ISO ESTA TARDE TEMOS COMPAÑA

OLA, SON CARMEN. TRABALLO NESTA ONG E VOUVOS FALAR SOBRE O VIH COMO PROFESIONAL E COMO PERSOA AFECTADA

PARA EMPEZAR, SABEDES CAL É A DIFERENZA ENTRE VIH E SIDA?

???

!!??!!

???

???

...

...

A SIDA É UNHA ENFERMIDADE QUE ESTÁ CAUSADA POLO VIH

CADA VEZ SON MÁIS AS PERSOAS CON VIH QUE NON TEÑEN SIDA, PERO AÍNDA ASÍ O VIH PÓDESE TRANSMITIR SE NON SE TOMAN AS DEBIDAS PRECAUCIÓNS

UNHA PERSOA PODE TER VIH E ATOPARSE BEN. PERO SE NON TOMA MEDICACIÓN, A SÚA INFECCIÓN EVOLUCIONARÁ A SIDA DESPOIS DUNS ANOS

VIH
SIDA
PRESERVATIVO
PREVENCIÓN

E SABEDES COMO SE TRANSMITE O VIH?



PERDÓN, ESTABA
ENSAIANDO PARA
A FESTA DE
DEPOIS

OLA IBRAHIMA,
ESTABAMOS FALANDO
SOBRE O VIH...



DIME IBRAHIMA. TI
SABES COMO SE PODE
TRANSMITIR O VIH?

NO MEU PAÍS
MOITOS NENOS
NACEN CO VIH


EFFECTIVAMENTE, O VIH
PÓDESE TRANSMITIR DA
NAI AO FILLO DURANTE O
EMBARAZO, NO PARTO OU
SE SE LLE DÁ O PEITO




OCÓRRENSEVOS
MÁIS FORMAS?

POIS NO MEU PAÍS
MOITAS PERSOAS
INFECTÁRONSE POR
USAR A MESMA
XIRINGA


ISO É CORRECTO.
ALGUNHA IDEA
MÁIS?



TAMÉN SE
TRANSMITE AO
TER RELACIÓNS
SEXUAIS, NON?



SI, TAMÉN SE TRANSMITE AO
TER RELACIÓNS SEXUAIS
SEN USAR PRESERVATIVO



PÓDESE USAR UN
PRESERVATIVO
MASCULINO OU UN
FEMININO

ADEMAIS, O PRESERVATIVO AXÚDANOS A
PREVIR AS INFECCIÓNS DE
TRANSMISIÓ N SEXUAL


E TAMÉN SERVE PARA
EVITAR EMBARAZOS SE
NON QUERES TER MÁIS
FILLOS



E, PODERIADESME
DICIR COMO NON
SE TRANSMITE?

EN SENEGAL SEMPRE
ME DIXERON QUE OS
MOSQUITOS NON O
TRANSMITEN

MOI BEN! É UN ERRO COMÚN
PENSALO... MÁIS EXEMPLOS?



NON SE
TRANSMITE
CON BICOS

TAMPOUCO
CON
CARICIAS

NIN CON
ABRAZOS

EFFECTIVAMENTE! NO CONTACTO COTIÁN NON
HAI RISCO DE TRANSMISIÓ N DO VIH



E COMO
PODEMOS
SABER SE
TEMOS O
VIH?



FACENDO A PROBA
DO VIH EN CALQUERA
CENTRO DE SAÚDE E
TAMÉN EN CERTAS
ONG

ESTA PROBA É
GRATUÍTA E
NALGUNHAS ONG
NON É NECESARIO
DAR O NOME



A MIN DIXÉRONME
QUE NON CHA PODEN
FACER SEN O TEU
PERMISO E QUE O
RESULTADO É
PERSONAL



ISO É VERDADE, IBRAHIMA

E SE O
RESULTADO É
POSITIVO,
EXISTEN ONG
COMO ESTA NA
QUE PODEMOS
COÑECER OUTRAS
PERSOAS CON VIH
QUE NOS POIDAN
APOIAR



VOUVOS DAR UN TELÉFONO
GRATUÍTO DE INFORMACIÓ
SOBRE O VIH POR SE TEDES
MÁIS PREGUNTAS

900 111 000
INFORMACIÓN VIH

ANOTADE!

AH! LÉMBROVOS
QUE HOXE HAI
FESTA NA ONG E
IBRAHIMA VAI
TOCAR

ISO FOI O QUE FIXEN EU



LEMBRA:

- ✓ USANDO CORRECTAMENTE O PRESERVATIVO PROTEXÉMONOS DA TRANSMISIÓN DO VIH, OUTRAS ITS E OS EMBARAZOS NON DESEXADOS.
- ✓ É IMPORTANTE FACERSE A PROBA DO VIH SE SE TIVERON PRÁCTICAS SEXUAIS NON SEGURAS OU SE SE ESTÁ EMBARAZADA.
- ✓ RESPECTAR ÁS PERSOAS CON VIH E NON DISCRIMINALAS É UNHA TAREFA DE TODOS.



INFÓRMATE

Dende calquera punto de España infórmate gratuitamente:

Cruz Roja > 900 111 000 / informacionvih@cruzroja.es / www.cruzroja.es/vih/
900 ROSA > 900 601 601

Directorio de ONG de VIH e sida de España:

<http://www.red2002.org.es/prgm/inici.htm>

Información por comunidades e cidades autónomas:

Andalucía	900 850 100	www.juntadeandalucia.es/salud/vih
Aragón	900 111 000	www.saludpublicaaragon.es
Asturias	985 338 832	www.pruebadeamor.org
Baleares	971176855	www.portalsalut.caib.es
Canarias	902 114 444 922 237590	www.gobiernodecanarias.org/sanidad/scs/sida.htm
Cantabria	942 207 745/732	www.saludcantabria.org
Castilla-La Mancha	900 111 000	www.jccm.es
Castilla y León	983 413 600	www.salud.jcyl.es
Cataluña	900 212 222	www.gencat.cat/salut
Extremadura	924 382 641/594	www.saludextremadura.com
Galicia	881 542 914	http://dxsp.sergas.es
Madrid	900 111 000	www.madrid.org/ / www.sitelias.net
Murcia	900 706 706	www.murciasalud.es
Navarra	848 423 396	www.isp.navarra.es
País Vasco	943 006 464	www.euskadi.net/sida
La Rioja	941 291 976	www.riojasalud.es
Comunidad Valenciana	900 702 020	www.sp.san.gva.es
Ceuta	856 205 009	www.ceuta.es:8080/sanidad/principal/
Melilla	952 976 251	www.melilla.es